

SERVIZO DE CIRURXÍA XERAL E DIXESTIVA DO HOSPITAL PÚBLICO DO SALNÉS

PRESENTACIÓN DO SERVIZO

O Servizo de Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo (CGD) aproxima a atención especializada ao usuario, xa sexa inicial ou final, no ámbito das patoloxías cirúrxicas que forman o *corpus* de coñecemento da especialidade e o desenvolvemento da actividade cirúrxica no nivel dun centro hospitalario comarcal. Cubrimos a atención sanitaria especializada de case 80 000 habitantes que pertencen ás poboacións de Vilagarcía de Arousa, Cambados, Vilanova de Arousa, Ribadumia, A Illa de Arousa e Catoira, o que se coñeceu como Área do Salnés, nestes momentos integrada na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. Como área turística, en períodos estivais podemos chegar a duplicar a poboación atendida baixo a nosa cobertura.

PROFESIONAIS DO SERVIZO

Responsable do servizo	Dr. Rafael Martínez-Almeida Fernández Xefe de Servizo
Persoal facultativo	Facultativos especialistas de área: 6 Médicos internos residentes de medicina familiar e comunitaria (MFyC): dous-tres ao ano, en rotacións de mes e medio.
Persoal de enfermería	Hospitalización: - Supervisora: Ana Bello Jamardo. - Enfermeiras: sen asignación especial ao servizo da área de hospitalización. - Técnicos en coidados auxiliares de enfermería: sen asignación especial ao servizo da área de hospitalización. Quirófano: - Supervisora: Paloma Bóveda Fernández. - Enfermeiras: sen asignación especial ao servizo da área cirúrxica. - Técnicos en coidados auxiliares de enfermería: sen asignación especial ao servizo da área cirúrxica. - Consultas externas: 1 técnico en coidados auxiliares de enfermería.

LOCALIZACIÓN E CONTACTO



Rúa Hospital do Salnés, n.º 30

36619 Vilagarcía de Arousa

Pontevedra

Localización:

- Planta de hospitalización CGD: despacho planta 3
- Consultas externas de CGD: planta 0, despachos 2 e 3

CARTEIRA DE SERVIZOS E PROCEDEMENTOS

- Hospitalización
- Consultas externas
- Quirófanos
- Urgencias
- Interconsultas
- Comités técnicos de tumores
- Unidade de diagnóstico e tratamento da Xunta de Galicia no seo do programa galego de detección precoz do cancro de mama
- Formación



Oferta asistencial

Atención en urxencias e cirurxía urxente os 365 días do ano, atención en consultas externas, cirurxía programada ambulatoria e con ingreso, quirofaniños (cirurxía menor), hospitalización, cirurxía concertada de tarde para recuperación de lista de espera.

Plan de traballo

Consultas externas

Patoloxía cirúrxica dixestiva tumoral e benigna, patoloxía venosa periférica en membros inferiores (MM.II.), proctoloxía, patoloxía mamaria, tiroidea, tumoración de partes brandas, parede abdominal (hernias e eventracións).

Consulta de alta resolución en patoloxía mamaria, Unidade de Diagnóstico e Tratamento do *Programa Galego de Detección Precoz do Cancro de Mama* (PGDPCM).

Consulta de alta resolución en patoloxía neoplásica de colon e recto.

Consultas xerais personalizadas para a valoración de primeiras consultas e consultas sucesivas (revisións: resultados, posoperatorias ou seguimento de altas hospitalarias).

O Servizo de CGD realiza ao ano en xornada ordinaria, máis de 6000 consultas, das que son primeiras consultas preto dun 40 % e consultas sucesivas, o resto.

Urxencias

Valoración de pacientes con dor abdominal en idade pediátrica e adultos, unha vez avaliados polo pediatra e o médico de urxencias respectivamente, feridas e infeccións de partes brandas que excedan o nivel da atención primaria ou urxencias, dor abdominal por patoloxía dixestiva urxente con indicación cirúrxica ou posibilidade de resolución operatoria: colecistites agudas, pancreatites agudas de orixe biliar, diverticulites, proctoloxía de urxencias (fisura anal aguda, abscesos perianais e sacros, crises hemorroidais agudas), atención

a todo paciente que necesite unha intervención cirúrxica no ámbito da cirurxía xeral e dixestiva (perforación de víscera oca, apendicite, colecistites perforadas, perforación gástrica, obstrución intestinal, politraumatismos -accidentados- e feridas por arma etc.), pneumotórax, fracturas costais con criterios de ingreso ou con complicación pleuropulmonar aguda de solución cirúrxica, laparotomías/laparoscopias. Ademais, dá apoio a atención primaria, ao Servizo de Urxencias e ao resto dos servizos hospitalarios que o necesiten na valoración e manexo de pacientes con problemas susceptibles de seren cirúrxicos ou do noso campo de especialización.

O Servizo de CGD realiza preto de 1500 atencións a pacientes en urxencias, aproximadamente un 50 % sen ingreso, e intervén cirurxicamente uns 250 pacientes ao ano de forma urxente.

Ademais, o Servizo de CGD colabora na práctica de intervencións cirúrxicas urxentes doutras especialidades, ante a demanda e solicitude de medios profesionais especializados para a intervención, sobre todo de obstetricia e xinecoloxía.

Para esta actividade, hai asignado un facultativo todo o ano en horario de mañá e tarde e un facultativo localizado en horario de tarde e noite en días alternos. O servizo manifestou que esta dotación de persoal es insuficiente para dar cobertura á alta demanda de traballo, xa que na maioría dos días do ano, pola mañá o facultativo de garda atende en solitario a hospitalización de CGD, o pase de visita médica, os tratamentos, as probas, as curas, as interconsultas e a urxencia.

Interconsultas

O Servizo de CGD recibe case 1000 interconsultas ao ano doutros servizos hospitalarios, dando resposta a todas elas de forma electrónica. Solicitamos unhas 400 interconsultas ao ano, sobre todo aos servizos de Medicina Interna e Anestesia.

Hospitalización

Desde a ampliación no ano 2010, a unidade de hospitalización do Servizo de CGD está situada na 3.^a planta do hospital, con 8 habitacións dobres, entre a 300 e a 308.

A estancia media dos nosos pacientes está na contorna de 5,5 días.

Tivemos 4 *exitus* no ano 2020, o que supón unha taxa de mortalidade do 0,7 %; no ano 2019 esta foi dun 0,5 %.

A nosa media de ocupación diaria é de aproximadamente 14 camas/día.

Quirofanos

Desde o ano 2017, coa apertura da nova área cirúrxica, dispónse de 5 modernos e amplos quirófanos.

No ano 2019 operamos 1102 pacientes, dos que foron cirurxía menor 286; 292 operáronse en réxime de cirurxía maior ambulatoria (CMA); 524 pacientes operáronse con ingreso.

Destaca a atención e a alta resolución do réxime de cirurxía maior ambulatoria (CMA), que fundamentalmente se desenvolve en horario de tarde, desde o ano 2001.



Quirofaniños

Empréganse dúas ou tres sesións mensuais de quirofaniño para a intervención de patoloxía menor sen ingreso e sen preparación preoperatoria previa.

Intervéñense anualmente ao redor de 250 pacientes.

Comités de cancro de mama e colon e recto

Somos partícipes das reunións semanais de dous comités de tumores: o de mama e o de colon e recto. Efectúanse reunións telemáticas semanais os luns e os martes, nas que se presentan conxuntamente os casos do Salnés e de Pontevedra, para a valoración multidisciplinar dos pacientes con diagnósticos de malignidade, en coordinación do noso servizo de CGD cos servizos de Anatomía Patolóxica, Radiodiagnóstico, Radioterapia, Oncoloxía e Cirurxía Xeral e Dixestiva do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra (CHUP).

Procesos e procedementos activos

- Cirurxía maior ambulatoria e con ingreso de hernia inguinal, hernia umbilical, hernias ventrais e laterais, eventracións etc. Patoloxía venosa: varices de MM.II., quistes sacros e patoloxía proctolóxica: hemorroides, fístulas e fisuras.
- Cirurxía laparoscópica avanzada e básica.
- Cirurxía do colon e do recto alto e medio, cirurxía do reflujo gastroesofáxico, cirurxía gástrica, colecistectomías, tiroidectomías totais ou hemitiroidectomías.
- Cirurxía mamaria radical e cirurxía conservadora mamaria (oncoplastia) con baleirado ganglionar axilar ou con biopsia selectiva do ganglio sentinela.
- Laparoscopia diagnóstica ou biopsias de estruturas abdominais ou retroperitoneais. Laparotomía.
- Apendicectomía.
- Biopsias de vasos sanguíneos, biopsias ganglionares ou neurais periféricos.
- Pneumotórax espontáneo ou traumático, drenaxe endotorácica (DET).



ACTIVIDADE CIENTÍFICA

Membros de varias sociedades galegas e nacionais de cirurxía e patoloxía dixestiva.

Os membros do servizo de CGD participan en estudos, publicacións e reunións científicas. O ano 2020 foi un mal ano para a asistencia a cursos e reunións. Pola pandemia, canceláronse todas as actividades presenciais; con todo, participouse en varias WEBINAR da especialidade.

LIGAZÓNS RELACIONADAS

[Asociación Española de Cirujanos \(AEC\)](#)

[Sociedade Galega de Patoloxía Dixestiva \(SGPD\)](#)

[Sociedade de Cirurxía de Galicia \(SOCIGA\)](#)

[Asociación Española de Cirujanos de la Mama \(AECIMA\)](#)

[Asociación Española de Coloproctología \(AECp\)](#)

[Grupo GEICAM de Investigación en Cáncer de Mama](#)

